



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se establecen as percepcións, medios e recursos asignados e precedencias que lles correspondan ás ex-presidentas e aos ex-presidentes da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se dispón a substitución de membros do Consello Escolar de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declaran como zonas de especial interese agrario as comarcas de Ordes, Terra Chá, A Limia, O Deza e Baixo Miño.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e o Concello do Barco de Valdeorras, para acondicionamento da Casa da Xuventude.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e o Concello do Carballiño, para a construción dunha nave para almacén, escola taller e aula de formación.



- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración e coordinación suscrito polo Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia en materia de seguridade nos edificios da Administración de xustiza en Galicia para 2007.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela, para a elaboración dun informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros educativos de ensino obrigatorio de Galicia, sostidos con fondos públicos e se autoriza o gasto derivado deste.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproban os prezos que servirán como valores de referencia máximos para as transaccións que realice a Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia (Bantegal).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo sobre a carreira profesional do persoal das categorías de Xestión e Servizos e Sanitarias de Formación Profesional do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Bergondo, para a execución da obra: "Mellora das obras de saneamento. Saneamento da zona de Cortiñán. 2ª fase. Bergondo (A Coruña)", clave OH.315.760, por importe de douscentos vinte e tres mil seiscentos sete euros con sesenta e oito céntimos (223.607,68 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Monforte de Lemos para a execución da obra: "Actuacións de saneamento nas bacías intercomunitarias. Renovación do saneamento, abastecemento de auga e pavimentos na travesía da estrada de Chantada. Monforte de Lemos (Lugo)", clave OH.527.496, por importe de un millón cento un mil euros (1.101.000,00 €).



CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual para os acordos da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan de Vivenda 2005–2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, con participación dos concellos ao abeiro do RD 801/2005, do 1 de xullo, e do D 18/2006, do 26 de xaneiro.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Leiro, para a execución das obras de pavimentación e ordenación do camiño da Petada en San Clodio, no concello de Leiro (Ourense).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe sobre o novo plan de residuos urbanos de Galicia.



O GOBERNO GALEGO APROBA O DECRETO QUE ESTABLECE AS PERCEPCIÓNS, MEDIOS E RECURSOS ASIGNADOS AOS EX-PRESIDENTES DA XUNTA

- *A nova norma mantén a mesma compensación económica asignada ata agora aos ex mandatarios autonómicos*
- *O texto recolle tamén a súa precedencia nos actos oficiais organizados polo Goberno na Comunidade Autónoma*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se establecen as percepcións, medios e recursos asignados, así como as precedencias que lles correspondan ás ex presidentas e aos ex-presidentes da Xunta de Galicia. O texto mantén a mesma compensación económica asignada anteriormente aos exmandatarios autonómicos.

Segundo recolle o texto, durante o prazo de dous anos inmediatamente posteriores ao seu cesamento, os ex-presidentes da Xunta terán dereito a percibir unha compensación económica do 60% da que teña asignada en cada momento a persoa titular da Presidencia do Goberno. Esta compensación deberá quedar consignada especificamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, desde a data do seu cesamento e durante un período de catro anos –se tiveron a condición de presidente durante catro ou menos anos- ou de dez anos –se tiveron esta condición durante máis de catro anos- quedará adscrito ao seu servizo unha persoa contratada pola Administración autonómica e quedará asignado ao seu servizo un automóbil de representación do parque móbil da Comunidade Autónoma, con condutor.

Este dereito será incompatible coa condición de membro nato do Consello Consultivo de Galicia ou co exercicio dun cargo público que outorgue unha prestación de medios e servizos de natureza análoga.

Doutra banda, os ex-presidentes do Executivo terán dereito ao apoio da Casa de Galicia en Madrid e das delegacións da Xunta no exterior nos seus desprazamentos fóra da Comunidade Autónoma; ás medidas de seguridade que se consideren axeitadas en cada momento; e a que a Xunta lles facilite os medios necesarios de transporte e aloxamento para a asistencia aos actos oficiais aos que fosen invitados por ela na súa condición de ex presidentes.

Tamén terán dereito a que a súa orde de precedencia individual, nos actos oficiais organizados pola Comunidade Autónoma dentro do seu territorio, sexa no lugar inmediatamente posterior aos titulares dos departamentos da Xunta. Se concorresen



no mesmo acto dous ou máis ex-presidentes, a súa orde de prelación quedará determinada pola antigüidade das datas respectivas de toma de posesión no cargo.



AS COMARCAS DE ORDES, TERRA CHÁ, A LIMIA, O DEZA E BAIXO MIÑO ADQUIREN A CONDICIÓN DE ZONAS DE ESPECIAL INTERESE AGRARIO COMO PASO PREVIO PARA A SÚA INCLUSIÓN NO BANCO DE TERRAS

- *O Consello da Xunta delimita as primeiras zonas agropecuarias nas que funcionará o Banco de Terras como instrumento fundamental para impulsar o medio rural, favorecendo a mobilidade das terras que se atopan improdutivas, evitando o seu abandono e a perda de superficie agraria útil*
- *Logo dunha primeira análise do territorio, determináronse estas zonas, caracterizadas pola súa alta produtividade agrícola e gandeira*
- *Estas cinco comarcas comprenden un total de 38 concellos cunha superficie de 500.000 hectáreas*

O Consello da Xunta, a proposta da Consellería do Medio Rural, declarou hoxe especial interese agrario o solo rústico de protección agropecuaria das comarcas de Ordes, Terra Cha, A Limia, O Deza e o Baixo Miño, como paso previo para a súa inclusión no Banco de Terras de Galicia. Estas serán as primeiras terras que se mobilicen para poñer en marcha o Banco de Terras, un instrumento para impulsar o medio rural, favorecendo a mobilidade das terras que se atopan improdutivas, evitando o seu abandono e a perda de superficie agraria útil.

A declaración do solo rústico como zona de interese agrario especial é un requisito incluído na Lei de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.

A ampliación da base territorial das explotacións permitirá unha menor dependencia de pastos e forraxes externos, así como a posible diversificación de cultivos, ao aumentar a capacidade produtiva das explotacións e a posibilidade de apertura a novos mercados para a comercialización dos produtos agrarios. Para acadar este obxectivo, a Xunta de Galicia procede á declaración destas zonas de especial interese agrario, ata acadar de xeito progresivo a práctica totalidade da superficie agraria do territorio galego.

Logo dunha primeira análise do territorio, determináronse unhas zonas caracterizadas pola súa alta produtividade agrícola e gandeira posta de manifesto pola existencia de explotacións que o avalan ou polas propias características e potencialidade dos terreos ou zonas nas cales se enclavan. Así, declárase de especial interese agrario o solo rústico de protección agropecuaria situado dentro do ámbito territorial dos concellos seguintes:



- Comarca de Ordes: Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo.
- Comarca da Terra Chá: Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade.
- Comarca da Limia: Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia.
- Comarca do Deza: Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.
- Comarca do Baixo Miño: A Guarda, Oia, O Rosal, Tomiño e Tui.

Estas cinco comarcas comprenden un total de 38 concellos, cunha superficie de 500.000 ha., que dispoñen dunha superficie agraria útil (SAU) estimada en preto de 190.000 ha. O Banco de Terras terá especial incidencia sobre a superficie agraria infrautilizada nestes municipios, especialmente nos casos de situación de abandono ou semiabandono.

Nestas comarcas, experimentouse tamén unha importante dinámica de relevo xeracional con apoio da Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, incorporándose nos últimos anos máis de 750 mozos e mozas como titulares de explotacións agrarias. Tamén foi importante o esforzo investidor en plans de mellora das explotacións agrarias existentes, sendo auxiliados por Medio Rural un total de 2.127 expedientes.

Respecto da concentración parcelaria nestas comarcas pódese sinalar que están rematadas un total de 84.000 ha. e preto de 60.000 ha. están en distintas fases de execución. Das zonas rematadas con acordo firme posterior ao 30 de decembro de 1992, que polo tanto xa eran zonas de especial interese agrario desde a entrada en vigor da lei, existían algo máis de 36.000 ha, ás que se veñen sumar o resto do solo rústico de protección agropecuaria, ata alcanzar as 190.000 hectáreas.



A XUNTA ACHEGARÁ 400.000 EUROS PARA CONSTRUIR UNHA NAVE PARA ALMACÉN, ESCOLA-TALLER E AULA DE FORMACIÓN NO CARBALLIÑO

- *Tamén destinará 100.000 euros para o acondicionamento da Casa da Xuventude do Barco de Valdeorras*
- *O Consello da Xunta autorizou hoxe dous convenios con estes obxectivos*

A Xunta achegará 400.000 euros para a construción dunha nave para almacén, escola-taller e aula de formación no Carballiño. Con este obxectivo, o Consello da Xunta autorizou hoxe, na súa xuntanza semanal, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello deste municipio. Esta cantidade estará repartida en catro anualidades, polo que o acordo estará vixente ata o ano 2010.

Así mesmo, o Consello tamén autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia e o Concello do Barco de Valdeorras para o acondicionamento da súa Casa da Xuventude, polo que o Goberno achegará 100.000 euros entre o ano 2007 e o 2008.

En ambos os dous casos, a tramitación e adxudicación das obras será realizada polos concellos conforme ás súas propias normativas, dándolle conta deste acto á consellería a través da Dirección Xeral de Administración Local. A expedición da achega realizarase contra a presentación, polas entidades locais, das correspondentes certificacións de obra e facturas, acompañadas de certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

Para o impulso e seguimento das accións establecidas nos textos dos convenios, crearanse comisións paritarias compostas por un representante da Dirección Xeral de Administración Local e un representante do concello correspondente, que proporán cantas actuacións sexan necesarias para o seu desenvolvemento e execución.



A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DESTINA 485.200 EUROS Á SEGURIDADE NOS EDIFICIOS XUDICIAIS GALEGOS

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura da addenda a un convenio de colaboración asinado entre o Ministerio do Interior e a Consellería de Presidencia*
- *O obxectivo é garantir a seguridade das persoas e dos bens nas sedes xudiciais galegas que se sitúan en inmobles de titularidade da Xunta*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura da addenda ao convenio de colaboración e coordinación asinado o pasado ano entre o Ministerio do Interior e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en materia de seguridade nos edificios xudiciais en Galicia. En virtude desta addenda, o Goberno autonómico destina en 2007 485.200 euros para financiar esta medida.

O convenio de colaboración entre a Xunta e Ministerio do Interior, que se atopa nunha fase de implementación progresiva, xa se asinara en outubro de 2006 co fin de dotar os edificios xudiciais de vixilancia e protección a través de gardas civís en situación de reserva e de membros do Corpo Nacional de Policía (CNP) en segunda actividade. Este ano, as dúas partes asinantes acordaron prorrogar o convenio e redactáronse as condicións para o 2007, as cales se plasman na addenda que o Consello acaba de autorizar.

A Xunta de Galicia asinou este convenio co obxectivo de garantir a seguridade das persoas e dos bens nas sedes xudiciais galegas que se sitúan en inmobles de titularidade da Xunta. Para iso, decidiuse aproveitar a experiencia de gardas civís en situación de reserva e dos membros do CNP en situación de segunda actividade, dándolle tamén un destino a estes axentes para poder seguir contando coa súa colaboración activa na seguridade aos cidadáns.

Na addenda fíxase a distribución de efectivos para a vixilancia en sedes xudiciais en 2007. Deste xeito destínanse 77 membros do CNP en segunda actividade e 108 gardas civís en situación de reserva. Dos 77 funcionarios do CNP, 9 integrarán o equipo de mando e os restantes 68 distribuiranse da seguinte maneira: 12 funcionarios para A Coruña –edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados e edificio anexo dos xulgados do contencioso-administrativo -, 7 efectivos para Ferrol, 4 para Ribeira, 9 para o edificio da Audiencia Provincial e o edificio dos xulgados de Lugo, 2 para Monforte de Lemos, 2 para Viveiro, 9 para o Pazo de Xustiza de Ourense e para a Cámara de Comercio, 7 para o edificio dos xulgados da Parada de Pontevedra, 2 efectivos para Marín, 2 para Redondela, 8 para os edificios xudiciais de Vigo e 4 para Vilagarcía de Arousa.



Dos 108 gardas civís en situación de reserva: 10 integrarán o cadro de mando, 40 estarán na Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña - 9 na Coruña, 7 en Santiago, 4 en Betanzos, 4 en Carballo, 2 en Arzúa, 2 en Corcubión, 2 en Muros, 2 en Negreira, 2 en Noia, 2 en Ordes, 2 en Ortigueira e 2 en Padrón-, 12 na Comandancia de Lugo - 2 en Becerreá, 2 en Chantada, 2 na Fonsagrada, 2 en Mondoñedo, 2 en Sarria e 2 en Vilalba-, 16 na de Ourense - 2 para Bande, 2 para O Barco de Valdeorras, 2 no Carballiño, 2 en Celanova, 2 na Pobra de Trives, 2 en Xinzo e 2 en Verín- e 30 efectivos na Comandancia de Pontevedra - 6 na Audiencia Provincial, 2 para Vigo, 4 para Cambados, 4 para Cangas, 4 para O Porriño, 2 para Caldas de Reis, 2 para A Estrada, 2 para Lalín, 2 para Pontearreas e 2 para Tui-.

Doutra banda, a addenda tamén establece que o horario dos servizos de vixilancia e protección vai desde as 7.00 horas ata as 22.00 horas no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) e comeza unha hora máis tarde nas sedes dos xulgados de instrución. Ademais, mentres que o horario se mantén no TSXG durante as fins de semana e os festivos, nos xulgados de instrución hai unhas pequenas variacións o sábado pola tarde - que vai de 17.00 a 20.30 horas- e os domingos -que só hai vixilancia polas mañás en horario de 9.30 a 14.30 horas-. Nas demais sedes xudiciais faise unha xornada continuada de 8.00 a 15.00 horas.



EDUCACIÓN E A USC ELABORARÁN UN INFORME SOBRE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- *A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago asinarán un convenio de colaboración para a realización deste informe*
- *Este documento utilizarase como base para a elaboración por parte do Consello Escolar de Galicia do oitavo Informe anual sobre a situación e estado do sistema educativo na Comunidade Autónoma de Galicia*
- *A Administración educativa autonómica destinará máis de 55.000 euros para sufragar os gastos de elaboración dos estudos técnicos, que levará a cabo o Instituto de Ciencias da Educación da USC*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a través do seu Instituto de Ciencias da Educación (ICE), para a elaboración do *Informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros educativos de ensino obrigatorio de Galicia sostidos con fondos públicos*.

Este informe técnico, así como os restantes elaborados en anos anteriores, será utilizado como base para a elaboración por parte do Consello Escolar de Galicia do oitavo *Informe anual sobre a situación e estado do sistema educativo na Comunidade Autónoma de Galicia*. O Consello Escolar de Galicia, a través da súa Comisión Permanente, proponlle anualmente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a elaboración do estudo previo á realización e publicación deste informe anual.

En virtude deste acordo, a Universidade de Santiago de Compostela, por medio do ICE, achegará o seu equipo técnico de investigadores e bolseiros para a realización dos estudos técnicos precisos que posibiliten a elaboración do informe por parte do Consello Escolar de Galicia. A documentación e fontes que se empregarán serán, fundamentalmente, as provenientes da Administración pública autonómica, e en particular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Pola súa banda, a Administración educativa galega destinará 55.465,67 euros, repartidos en dúas anualidades, para facer fronte aos gastos de elaboración dos estudos técnicos.

A finalidade deste informe é recoller, dun xeito claro e preciso, a situación e a evolución dos servizos complementarios e das actividades extraescolares no eido dos centros educativos de ensino obrigatorio sostidos con fondos públicos, cun sentido



de mellora, destacando os puntos fortes e febles e con conclusións e suxestións precisas dirixidas á optimización desas actividades e prestacións. Así, entre os obxectivos deste documento destaca o de coñecer o estado real da oferta, tipoloxía e calidade das actividades extraescolares nos centros educativos públicos e privados concertados, así como coñecer a oferta, estado e uso dos servizos complementarios –transporte e comedor- nestes centros.

Ademais, este informe recollerá as percepcións e valoracións dos diferentes sectores da comunidade escolar (equipo directivo, profesores/as, alumnos/as, ANPAs) sobre a tipoloxía, funcionamento e satisfacción dos citados servizos e actividades; e a implicación dos concellos nelas; ao tempo que identificará e analizará aquelas actividades e servizos que pola súa calidade e excelencia poidan ser xeneralizables a outros centros ou lugares; e sacará conclusións que permitan formular recomendacións e propostas que contribúan á mellora do proceso de ensino-aprendizaxe e á convivencia e participación dunha sociedade democrática.

Substitución de membros do Consello Escolar de Galicia

O Consello da Xunta aprobou tamén o decreto polo que se dispón que cesen como membros do Consello Escolar de Galicia Francisco Magide Bizarro, en representación dos profesores nos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino público non universitario de Galicia pola Federación do Ensino de Comisións Obreiras; e Sara Loureiro Vilarelle, en representación dos profesores nos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino privado non universitario de Galicia pola Federación do Ensino de Comisións Obreiras; e nomea nos seus cargos a Víctor Manuel Rodríguez Gesto e Xosé Marcial Comesaña Figueiras, respectivamente.

A XUNTA FIXA OS PREZOS TIPO PARA A CESIÓN DE PREDIOS RÚSTICOS DO BANCO DE TERRAS

O Consello da Xunta estableceu os valores dos prezos tipo para a cesión de predios rústicos do Banco de Terras de Galicia en réxime de arrendamento ou cesión, que estarán vixentes ata o 31 de decembro de 2008, para as transaccións que realice a Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras, de acordo co informe aprobado pola Comisión de Prezos que preside a Consellería do Medio Rural. Estes prezos servirán, polo tanto, como valores de referencia máximos para as transaccións do Bantegal.

Autorízouse tamén a sociedade Bantegal a que aplique un coeficiente redutor naqueles concellos nos cales hai un alto risco de abandono da superficie agraria útil por despoboamento e avellentamento da poboación, co obxectivo de favorecer o acceso ás terras agrarias en situacións altamente desfavorecidas.

Polas evidentes diferenzas nas distintas zonas do país e mesmo pola variabilidade no transcurso do tempo, a Comisión Técnica de Prezos e Valores realizou o informe anual preceptivo para a fixación dos prezos que aplicará a sociedade Bantegal nos contratos de cesións e outras transaccións.

Estes prezos foron determinados a nivel parroquial en función de parámetros como produtividade, localización, configuración xeofísica e aqueloutros que tecnicamente se consideraron que puidesen influír na súa composición, e que poderán ser consultados na páxina web da Consellería do Medio Rural e do propio Bantegal.

Os prezos de arrendamento medios para Galicia son os que figuran no cadro seguinte:

PREZOS TIPO DE REFERENCIA PARA A CESIÓN DE PREDIOS RÚSTICOS *(medias para Galicia)*

CLASE	PREZO TIPO DE CESIÓN ANUAL (euros/ha)
1:HORTA	337
2:VIÑEDO PREFERENTE	404
3:VIÑEDO NON PREFERENTE	202
4:FROITEIRAS	148
5:LABRADÍO DE REGADÍO	310
6:LABRADÍO DE SECAÑO	135
7:PRADOS E PRADEIRAS	121
8:PASTEIRO	27
9:FORESTAL	27
10: IMPRODUTIVO	13



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE REGULA O ACCESO Á CARREIRA PROFESIONAL DO PERSOAL DAS CATEGORÍAS DE XESTIÓN E SERVIZOS E SANITARIAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

- *A implantación desta medida favorece a máis de 10.000 traballadores das categorías de xestión e servizos (grupos A, B, C, D e E) e sanitarias de formación profesional (grupos C e D)*
- *O sistema regulado baséase nos principios de voluntariedade, gradualidade, personalidade, progresividade, mérito e competencia profesional, irreversibilidade, e con efectos retributivos*
- *Para o acceso é preciso ter completados, en xornada ordinaria, os seguintes períodos de servizos prestados como persoal estatutario na categoría de acceso á carreira (grao I, 5 anos; grao II, 12 anos; grao III, 19 anos e grao IV, 25 anos)*
- *A carreira profesional supón para os profesionais un estímulo e, para a Administración, a modernización e mellora da actividade prestada á cidadanía*

O Consello da Xunta de Galicia de hoxe aprobou o Acordo sobre carreira profesional das categorías de xestión e servizos e sanitarias de formación profesional con vínculo estatutario fixo nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. Este acordo foi asinado por CCOO, UXT, CIG e SAE.

Este réxime profesional que implanta o Servizo Galego de Saúde beneficia a máis de 10.000 traballadoras e traballadores das categorías de xestión e servizos (grupos A, B, C, D e E) e sanitarias de formación profesional (grupos C e D). As áreas funcionais desta carreira son a sanitaria (de formación profesional), a administrativa, a de mantemento, a de hostalaría e a de informática.

Para o acceso é preciso ter completados, en xornada ordinaria, os seguintes períodos de servizos prestados como persoal estatutario na categoría de acceso á carreira: grao I, 5 anos; grao II, 12 anos; grao III, 19 anos; e grao IV, 25 anos.

As contías anuais do complemento, resultantes do progreso na carreira tras a implantación do sistema serán as seguintes:

Grupo	Grao I	Grao II	Grao III	Grao IV
A	2.500 €	5.000 €	7.500 €	10.000 €
B	1.750	3.500	5.250	7.000
C	1.180	2.360	3.540	4.720
D	1.000	2.000	3.000	4.000
E	800	1.600	2.400	3.200



O recoñecemento dos sucesivos graos require, ademais de acreditar os períodos de servizos prestados antes indicados, a avaliación favorable dos méritos do profesional en relación co desempeño do posto, a súa formación, as actividades de investigación e docencia, e o compromiso coa organización.

Os principios xerais que rexen este réxime extraordinario que se implanta son: o de voluntariedade (só procede por solicitude do interesado), gradualidade (concretado na aplicación dalgún dos graos), personalidade (o recoñecemento ten carácter persoal e individual), progresividade (o acceso aos diferentes graos é progresivo e sucesivo), mérito e competencia profesional (o recoñecemento faise en relación á experiencia e aos méritos), irreversibilidade (o grao recoñecido a un profesional é irreversible e consolidable) e, con efectos retributivos (o recoñecemento dun grao implica o dereito a percibir o complemento de carreira na contía correspondente).

Recoñecemento profesional e mellora da atención á cidadanía

A carreira profesional é unha medida que os profesionais teñen á súa disposición un estímulo para mellorar a calidade do seu traballo de maneira continua e voluntaria, por medio dunha ferramenta que lles achega un recoñecemento profesional, a través de varios graos de carreira que se acadan sucesivamente, e que lles suporá unha importante remuneración salarial.

Este recoñecemento está vinculado aos seus coñecementos, experiencia, investigación e formación, así como tamén polo compromiso nos resultados da actividade cos obxectivos da Administración sanitaria.

Pola súa banda, para a Administración a carreira profesional supón modernizar e mellorar a actividade prestada aos usuarios e usuarias.



MEDIO AMBIENTE ACOMETERÁ A SEGUNDA FASE DA MELLORA DAS REDES DE SANEAMENTO EN CORTIÑÁN, NO CONCELLO CORUÑÉS DE BERGONDO

- ***A consellería investirá 223.607 euros nas obras desta segunda fase, que incluírá a instalación de catro colectores, bombeo e reposición de pavimentos***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da Administración hidráulica, acometerá a segunda fase da mellora das redes de saneamento en Cortiñán, no concello coruñés de Bergondo. O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración técnica e financeira entre o departamento autonómico e o local para a realización deste proxecto, con cargo aos orzamentos da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH).

As obras permitirán dotar de saneamento a zona de Cortiñán, que carece deste servizo, e que conta cunha poboación de 1.235 habitantes. As actuacións previstas comprenden a instalación de catro colectores, un bombeo de augas residuais que impulse auga aos colectores e a reposición dos pavimentos. O novo bombeo contará cun caudal de 3,5 litros por segundo, cunha lonxitude de impulsión de 76 metros e cunha potencia unitaria das bombas de 2,4 kilowatios.

O proxecto da segunda fase de mellora das redes de saneamento en Cortiñán ten un prazo de execución de cinco meses, e financiarase en dúas anualidades, a primeira no neste ano, cunha achega de 23.607 euros, e a segunda en 2008, por un importe de 200.000 euros.



A XUNTA ACHEGARÁ 1,1 MILLÓNS DE EUROS ÁS OBRAS DE RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN MONFORTE DE LEMOS

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 1,1 millóns de euros nas obras de renovación do saneamento e abastecemento de auga na travesía da estrada de Chantada, no concello de Monforte de Lemos (Lugo). O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a consellería e o concello para acometer esta obra, que contará cun orzamento total de 1.340.000 euros e que será financiada nun 82,16% pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e nun 17,84% polo Concello.

Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente, a través da EPOSH, investirá 1.101.000 euros nesta obra, que se financiará en dúas anualidades, a primeira de 55.000 euros neste ano, e a segunda, de 1.046.000 euros con cargo aos orzamentos do vindeiro. O Concello de Monforte de Lemos, pola súa parte, realizará dúas achegas de 139.000 e 100.000 euros nos anos 2007 e 2008 respectivamente.

A obra, que ten un orzamento global de 1.340.000 euros, conta cun prazo de execución de nove meses e suporá a renovación do saneamento, abastecemento de auga e pavimentos na travesía da estrada de Chantada, no Concello de Monforte de Lemos, que dá servizo a unha ampla zona do municipio, dentro da cal se atopa o hospital comarcal.

A renovación da rede de saneamento realizarase cun sistema separativo de augas pluviais e residuais, xa que o caudal que actualmente circula polos colectores é moi superior ao que deberían levar, xa que están a recoller augas subterráneas que se filtran debido a antigüidade das instalacións e as características dos materiais con que está construída. En canto á rede de abastecemento de auga potable, actualmente está formada por tubos de fibrocemento, que provocan avarías, polo que se considera necesaria a súa substitución.

A actuación prevista abarca unha lonxitude de 800 metros, entre a travesía da estrada de Ourense e a rolda norte da cidade, e incluírá a renovación dos seus pavimentos, que están deteriorados debido ás avarías producidas na rede de saneamento e abastecemento actual.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INVISTE 6,8 MILLÓNS DE EUROS NA AMPLIACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN EN 32 CONCELLOS

- *Este investimento implicará a posibilidade de rehabilitar 1.098 vivendas situadas nestes concellos nos cales hai declaradas 38 áreas de rehabilitación*
- *As axudas para os propietarios de inmobles situados nas áreas de rehabilitación integral poden chegar ata o 80% do orzamento protexible*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 6.806.800 € na ampliación das actuacións de rehabilitación de vivendas e espazos públicos en 32 concellos. Este investimento implicará a posibilidade de rehabilitar 1.098 vivendas situadas nestes municipios nos que hai declaradas 38 áreas de rehabilitación. O acordo supón a aplicación dos acordos acadados no seo da Comisión de Seguimento do Plan de vivenda 2005-2008 entre os gobernos galego e central.

A Consellería de Vivenda e Solo investirá estes 6,8 millóns de euros en catro anualidades. En concreto en 2007 son 272.272 €, en 2008 destinaranse 1.021.020 €, en 2009 outros 2.110.108 € e, por último, en 2010 outros 3.403.400 €.

O investimento da consellería destinarase a rehabilitar estas 1.098 vivendas situadas en 24 áreas de rehabilitación de centro histórico (ARCH) e 14 áreas de rehabilitación integral (ARI). En concreto, as ARCH son as da Coruña, Betanzos, Corcubión, Ferrol, Muros, Noia, Santiago de Compostela, Lugo, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Viveiro, Allariz, Castro Caldelas, Celanova, Ourense, Ourense-Seixalbo, Ribadavia, Verín, Cambados, Combarro, Tui, Vigo e Vigo-Bouzas.

As ARI son as da Graña-Ferrol, Neda, Mugar dos, Padrón, Vista Alegre-Santiago de Compostela, Chantada, Lourenzá, Sagrado Corazón-Lugo, Sarria, Vilalba, Cangas, Estribela-Pontevedra e Carril e Vilaxoán en Vilagarcía de Arousa.

Investimento actual

A Consellería de Vivenda e Solo está a investir 23,8 millóns de euros na rehabilitación de 4.662 vivendas e reurbanización de rúas e espazos públicos situados en 32 concellos, nos que hai declaradas 41 áreas de rehabilitación, 24 ARCHs e 17 ARIs.

O Plan de vivenda 2005-2008 establece axudas á rehabilitación destinadas aos propietarios das vivendas integradas nas ARIs de ata un 80% do orzamento protexible, ata un máximo de 9.000 €. No caso das ARCH as axudas poden supor ata un 80% do orzamento protexible, por un importe máximo de 11.000 €. Así mesmo, en ambos casos se prevén subvencións aos concellos, de ata o 50% nas ARIs e ata



60% nos ARCH, para obras de urbanización e reurbanización de prazas e rúas no contorno das vivendas rehabilitadas.

A Consellería de Vivenda e Solo recolle como unha liña prioritaria de actuación a recuperación do patrimonio construído, neste caso mediante procesos de rehabilitación e de renovación do parque de vivendas xa existentes nos centros históricos, zonas vellas e nos barrios de cidades e vilas, en particular aqueles construídos na segunda metade do século XX, por exemplo o do Sagrado Corazón de Lugo declarado ARI en xullo deste ano.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INVISTE 195.990 EUROS NA REURBANIZACIÓN DO CAMIÑO DA PETADA EN SAN CLODIO, NO CONCELLO DE LEIRO

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 195.990 € para a reurbanización do Camiño da Petada en San Clodio, Concello de Leiro. Este camiño conecta o núcleo de poboación de San Clodio coa praza do mesmo nome.

O orzamento total para a recuperación deste camiño ascende a 224.988 € dos que a Consellería de Vivenda e Solo achega o 80%, 195.990 € repartidos en dúas anualidades, 30.000 € en 2007 e 165.990 € no 2008. O resto será achegado polo Concello de Leiro.

As obras de pavimentación e ordenación do Camiño da Petada consistirán na recuperación das cotas orixinais de acceso ás vivendas e adegas, reducindo así a pendente ao seu estado inicial, e a execución dunhas escadas no último treito que conecta o camiño coa Praza de San Clodio. Tamén se recuperará o pavimento orixinal de rocha onde sexa posible e no resto utilizarase lastro de pedra morena, enlousado de pedra e formigón pulido.

A recuperación deste camiño suporá ademais a instalación soterrada da subministración eléctrica, telefonía e rede pública de iluminación, instalación do abastecemento de auga e saneamento e nova ferraxaría. En canto aos muros que delimitan o camiño, efectuarase unha limpeza completa e renovaranse o rexuntado con materiais acordes.

O Camiño da Petada en San Clodio está vinculado ao comercio do viño e une os núcleos de poboación da zona, foi camiño real e algúns autores sinalano como calzada romana. O conxunto está declarado ben de interese cultural (BIC).



O FOMENTO DA RECOLLIDA SELECTIVA EN ORIXE COA IMPLICACIÓN DA CIDADANÍA, A CREACIÓN DUNHA REDE DE INFRAESTRUTURAS DE XESTIÓN, E A COMPOSTAXE E A BIOMETANIZACIÓN PARA O TRATAMENTO SON OS EIXES DO PLAN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DE GALICIA 2007-2017

- *O Consello da Xunta avaliou hoxe o documento de inicio do plan, que está a ser sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica*

O Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia para o período 2007-2017 basearase en tres eixes fundamentais de actuación: a implicación da cidadanía na redución e na recollida selectiva dos residuos en orixe; o fomento de medidas encamiñadas a lograr unha organización territorial en materia de xestión de residuos; e a creación dunha rede de infraestruturas eficiente para o tratamento deses residuos. Do documento deu conta hoxe o conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez, ao consello da Xunta.

O plan, que xa foi presentado no Consello Galego de Medio Ambiente (integrado por arredor de corenta representantes da Administración e de colectivos e axentes medioambientais, sociais e económicos), está a ser sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica. O documento pode consultarse na páxina web da consellería: <http://medioambiente.xunta.es>, á cal se poderán achegar suxestións durante o período dun mes, contado dende hoxe mesmo.

No novo plan terá un papel esencial á cidadanía. Así, desenvolveranse actuacións de comunicación, formación e educación ambiental, dirixidas a centros educativos e cidadáns en xeral, que teñen como finalidade última favorecer a redución do lixo e fomentar a recollida selectiva en orixe. Xustamente, uno dos obxectivos principais do plan é estabilizar e reducir a produción de residuos, en peso, en volume, en diversidade e perigosidade, desvinculando a produción de residuos do crecemento económico. Así, no eixo da participación da cidadanía inclúense os instrumentos dirixidos a buscar a colaboración das persoas individuais ou colectivas, na procura da introdución de novos valores e cambios de hábitos.

Outro dos piares do novo plan será o establecemento dun modelo de xestión e organización que permitan unha maior efectividade e minimizar os custos derivados da loxística de recollida e do transporte. Con tal fin, fomentarase a organización territorial en materia de xestión de residuos e crearanse organismos destinados a impulsar, coordinar en velar polo cumprimento dos obxectivos de prevención e recollida selectiva.



O terceiro eixe constituirano as infraestruturas. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible pretende crear unha rede de infraestruturas de tratamento dos residuos baseada en criterios de eficiencia e sustentabilidade. Así, modificaranse ou ampliaranse plantas xa existentes como a de Nostián ou Lousame, ambas na provincia de A Coruña, o crearanse novas áreas de tratamento. O documento inicial prevé a creación de sendas plantas en Lugo e outra para a zona sur de Galicia que podería ubicarse en Ourense, ademais dun centro de selección de envases lixeiros en Ribadumia (Pontevedra) e unha planta de compostaxe en O Morrazo (Pontevedra). A creación e ubicación definitiva das áreas de tratamento establecerase no proceso que inicia agora coa fase de tramitación do plan, que concluirá coa súa aprobación definitiva no propio consello da Xunta. En todo caso, o tratamento dos residuos farase por compostaxe ou biometanización, quedando totalmente descartada a incineración. A planta de Sogama, á cal na actualidade vai a parar a maior parte do lixo que se produce en Galicia, será a única que utilice o sistema de incineración, un modelo polo que apostou o anterior goberno da Xunta.